Concello de Meaño

**RESOLUCION DA ALCALDÍA**

**EXPEDIENTE: 148/2024**

**ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE “PAVIMENTACION EN CACHEIRO E SEIXOMIL. CONCELLO DE MEAÑO” .**

1º.- Visto o expediente de contratación tramitado por procedemento aberto simplificado abreviado, varios criterios de adxudicación, da contratación da obra: “PAVIMENTACION EN CACHEIRO E SEIXOMIL. CONCELLO DE MEAÑO” .

2º.- Publicado o anuncio de licitación na plataforma de contratos de Galicia e na páxina web do Concello de Meaño presentándose as seguintes ofertas a través do sistema de licitación electrónico SILEX da Comunidade Autónoma de Galicia, abertas pola unidade técnica o día 12.09.2024:

| **Empresa** | **Data de presentación** | **Hora** |
|---|---|---|
| CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. | 09/09/2024 | 12:43 |
| NAROM S.L. | 10/09/2024 | 11:02 |

Na mesma sesión e trala apertura dos sobre se procede pola unidade técnica a comprobar:
1.-A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma: Constatándose a súa inscrición
2.-A documentación presentada: Considérase completa.
3.-Si a oferta pode resultar anormalmente baixa: Constatándose que non.

3º.- Avaliadas e clasificadas as ofertas, acadaron o seguinte resultado, que se clasifica por orde decrecente de puntuación:

| **Expte 148/2024. PAVIMENTACIÓN EN CACHEIRO E SEIXOMIL. CONCELLO DE MEAÑO** | | | | **ISOS** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **oferta** | **EMPRESA** | **prezo ofertado** | **PUNTACION PREZO ( ATA 75 PUNTOS)** | **XESTION DE CALIDADE -UNE -EN** | **XESTION AMBIENTAL-UNE-EN -ISO 14001 ( 5** | **ISO 18001 OSHAS PREVENCION DE RISCOS** | **ampliiacion prazo garantia ( ate 10** | **TOTAL** |



CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (1 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 04/10/2024
HASH: 092b6a25586194f2e133d78c36deb6c2

MARIA DEL MAR PEREIRA GARCIA (2 para 2)
SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL
Data de Sinatura: 04/10/2024
HASH: 5941fa274a80dcaba5e437fe64123c04

Cod. Validación: 35TNYHPSNQ3M5D5J6WWZM6F6N
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ISO 9001 ( 5 ptos) | ptos) | UNE -EN IZO 45001 ( 5 PTOS) | ptos:5 por ano) | |
| 1 | CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA | 40.289,26 € | 75,00 € | 5 | 5 | 5 | 10 | 100,00 |
| 2 | NAROM SL | 40.834,71 € | 74,00 | 5 | 5 | 5 | 10 | 99,00 |

Acadando a mellor puntuación a empresa CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA, que resulta proposta para a adxudicación.

Comprobado no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público que a empresa CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA. está constituída, o/a asinante da proposición ten poder para formular a oferta, e non se atopa incursa en ningunha prohibición para contratar,

4º.- En virtude do establecido polo artigo 159.4.4º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Unidade Técnica acorda requirir á empresa CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, presente a seguinte documentación:

- Documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 76.2 da LCSP.

5º.- Con data 27.09.2024, n.º de rexistro 2024-R-RE-1705, a empresa CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA. con CIF A36008886, presenta a documentación requirida.

6º.- Emitido polo ORAL o 27.09.2024 informe favorable respecto do cumprimento pola citada empresa das obrigas tributarias co Concello de Meaño.

A vista do que antecede, e dos informes obrantes no expediente, esta Alcaldía, de conformidade co disposto na DA Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar o contrato da obra "PAVIMENTACION EN CACHEIRO E SEIXOMIL. CONCELLO DE MEAÑO", á empresa que resultou proposta para a adxudicación CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS SA. con CIF A36008886, polo importe de 48.750,00 €

Cod. Validación: 35TNYHPSNQ3M5D5J6WWZM6F6N
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

IVE incluído. A obra se executará segundo o proxecto redactado por D.Rubén Calvarro Rivadulla enxeñeiro de camiños, canles e portos, e asinado o 05.02.2024, aprobado mediante Resolución da Alcaldía de data 09.08.2024, n.º 2024-0472, o Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares que rexen nesta contratación e a oferta formulada polo adxudicatario.

**SEGUNDO.-** Dispoñer o gasto con cargo á vinculación xurídica da aplicación presupostaría 454.6190201.

**TERCEIRO.-** Requirir ao adxudicatario para que no prazo máximo de tres días hábiles seguintes á notificación da adxudicación proceda á formalización do contrato, mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, e no prazo máximo de tres días hábiles seguintes a formalización presenten o Plan de Seguridade e Saúde.

**CUARTO.-** Notificar a adxudicación aos restantes licitadores e publicala no perfil do contratante no prazo de 15 días.

**QUINTO**.- Notificar a presente resolución ao director/a da obra e coordinador/a de seguridade e saúde na execución da obra D. Ruben Calvarro Rivadulla, Enxeñeiro de camiños, canales e portos.

**SEXTO:** Designar como representante do Concello para a recepción da obra ó Arquitecto Municipal.

**SÉTIMO:** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

Mándao e asínao o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretaria-interventora da corporación dou fe para os exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo

*Documento asinado dixitalmente ao marxe*

Cod. Validación: 35TNYHPSNQ3M5D5J6WWZM6F6N
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3